



### CONCELLOS

#### FOLGOSO DO COUREL

##### *Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 27 de setembro de 2019 o Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF) expone ao público, polo prazo de vinte días hábiles a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, as persoas interesadas podan consultar o documento e presentar as alegacións e suxerencias que estimen pertinentes.

Finalizado o trámite de información pública, resolveranse as alegacións presentadas; de non haber alegacións, solicitarase á dirección xeral competente en materia forestal da Xunta de Galicia o informe preceptivo e vinculante esixido polo artigo 16.3 da Lei 3/2007.

Folgoso do Courel, 3 de outubro de 2019.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 3017

##### *Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 27 de setembro de 2019 o expediente de modificación de créditos nº 324/2019 MC21/2019 SC1, baixo a modalidade de suplemento de crédito dentro do vixente orzamento municipal, por importe de 40.545,16 euros financiado con remanente de tesourería para gastos xerais para inversións financeiramente sostibles e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, expone ao público, polo prazo de quince días hábiles, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Folgoso do Courel, 3 de outubro de 2019.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 3018

### FRIOL

##### *Anuncio*

Polo Pleno do Concello en sesión Ordinaria celebrada o día 26 de setembro de 2019, prestouse aprobación ao expediente de modificación de créditos número 9/2019, (terceiro de competencia do Pleno), para suplementos de crédito, dentro do vixente orzamento municipal, e por un importe de noventa mil cento cincuenta euros con trinta e seis céntimos de euro (90.150,36.-), con cargo ao Remanente líquido de Tesourería dispoñible do exercicio anterior na data de aprobación deste expediente.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expone ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao Alcalde-Presidente do Concello.

Friol, 7 de outubro de 2019.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3019

## LÁNCARA

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

Por decreto desta alcaldía de 3 de outubro de 2019, aprobouse o padrón de suministro de auga e IVE s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon autonómico de auga correspondente ao 2º trimestre 2019.

O importe total do padrón ascende a 54.804,64 €, sendo o período voluntario de cobro dende o 07 de outubro de 2019 ó 07 de xaneiro de 2020, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Láncara, 4 de outubro de 2019.- O alcalde, Darío A Piñeiro López.

R. 3011

## LUGO

### *Anuncio*

#### **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 31 de xullo de 2019, adoptou entre outros o acordo 13/546 da Xunta de Goberno Local de 4 de setembro de 2019 delegouse a competencia na Concelleira de Benestar social, Inclusión e persoas maiores para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos do expediente administrativos de contratación da prestación do servizo de centro de día "Novo Antonio Gandoy".

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 3 de outubro de 2019.- A Tenenta de Alcaldesa - área de gobernanza, economía e recursos humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3004

### *Anuncio*

#### **DECRETO NÚMERO 19008451 DO 04/10/2019**

**Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria celebrada o día 23 de decembro de 2016, adoptou o acordo número 1/848, polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2016, e nos seu anexo figuran, entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

- Grupo A2: escala de Administración especial. Número de vacantes: 1 (quenda de promoción interna). Denominación: inspector/a principal policía local.

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 299, do 30 de decembro de 2016, e DOG número 40, do 27 de febreiro de 2017.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2017, adoptou o acordo número 6/174, de modificación da oferta de emprego público para o ano 2016, e no seu anexo figuran, entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

- Grupo A2: escala de Administración especial. Número de vacantes: 1 (quenda de promoción interna). Denominación: inspector/a principal policía local.

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017, e DOG número 127, do 5 de xullo de 2017.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria celebrada o once de xuño de dous mil dezanove, adoptou, entre outros o seguinte acordo 6/374 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE INSPECTOR PRINCIPAL, POR PROMOCIÓN INTERNA. (OEP-2016)

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 19005684 do 01/07/2019 modificado polo Decreto número 19005695 do 03/07/2019, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición para o acceso en propiedade a unha praza de Inspector/a Principal Policía Local pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, que se rexerá, polas BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE INSPECTOR PRINCIPAL, POR PROMOCIÓN INTERNA (OEP-2016) aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria celebrada o once de xuño de dous mil dezanove, que seguidamente se transcriben:

### **"BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN DE 1 PRAZA DE INSPECTOR PRINCIPAL DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE LUGO"**

#### **1.- OBXECTO.**

Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso como funcionario de carreira pola quenda de concurso-oposición, a **UNHA praza de Inspector Principal da Policía Local de Lugo**, de acordo co disposto na Lei 4/2007 de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, modificada pola Lei 9/2016, de 8 de xullo, Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, modificado polo Decreto 77/2010, de 29 de abril e a Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía de tempada, e no que non se opoña ás citadas disposicións, as bases xerais para o acceso en propiedade ás prazas de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo.

#### **2.- CARACTERÍSTICA DA PRAZA.**

A praza convocada está encadrada na Escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase Policía Local e Auxiliares, escala executiva do subgrupo A2 dos establecidos no artigo 76 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro), categoría inspector principal da Policía Local, do cadro de persoal do Concello de Lugo. E figuran na Oferta de Emprego Público aprobada polo acordo nº 1/848, adoptado pola Xunta de Goberno Local no Concello de Lugo en sesión extraordinaria celebrada o día 23 de decembro de 2016, modificado polo acordo 6/174, adoptado pola Xunta de Goberno Local no Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 5 de abril de 2017.

#### **3.- SISTEMA SELECTIVO**

De acordo no previsto na Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, modificada pola Lei 9/2016, de 8 de xullo, establécese o sistema de **concurso-oposición mediante o procedemento de promoción interna para a súa provisión.**

#### **4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

1. Para poder tomar parte no proceso selectivo de acceso, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, antes de rematar o prazo de presentación de instancias.

**a)** Ser funcionario de carreira do Corpo de Policía Local do Concello de Lugo na categoría de INSPECTOR, e ter prestados servizos en dita categoría como tal por un período mínimo de tres anos continuados, computándose a estes efectos o tempo de segunda actividade por embarazo ou lactación. Este requisito será comprobado pola administración municipal de oficio.

**b)** Posuír a titulación académica esixida para a categoría á que se opta (grupo A, subgrupo A2), consonte a normativa de función pública e, en todo caso, de acordo coa lexislación vixente reguladora da coordinación de policía locais de Galicia. Para a acreditación de tal requisito deberase achegar polo aspirante copia do título oficial, e, no seu defecto, copia do xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo.

**c)** Non ter sido sancionado por falta grave ou moi grave, ou telas canceladas.

**d)** Faltarlle máis dun ano para o pase á situación de segunda actividade por razón de idade, agás que o ascenso de categoría comporte cambio de escala, excluindo a estes efectos a escala superior.

## 5.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse ao Ilma. Sra. Alcaldesa e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo debidamente cumprimentadas, durante o prazo de vinte días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de cada convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Poderán así mesmo remitirse na forma determinada na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A instancia acompañarase inescusablemente.

- Fotocopia do D.N.I.

- Fotocopia compulsada da documentación acreditativa do cumprimento do requisito recolleito no apartado b) da base 4ª.

- Relación dos méritos que aleguen, enumerados segundo o correspondente baremo. A devandita relación acompañarase ós documentos xustificativos dos méritos, orixinais ou fotocopias compulsadas.

## 6.- LISTA DE ADMITIDOS, DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.-

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e despois de comprobadas, o órgano competente ditará resolución pola que declara aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, coas causas que motivaron a exclusión, así como a designación do tribunal cualificador.

A resolución publicarase no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, así como para promover a recusación dos membros do tribunal.

Transcorrido o prazo anterior, o órgano competente ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, e fixará o lugar e data de comezo das probas.

**A orde de actuación das persoas aspirantes será determinado de acordo co establecido nas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo.**

## 7.- OBRIGA DOS ASPIRANTES DE CONCORRER ÁS PROBAS.-

De conformidade co artigo 12 do Decreto 243/2008, os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de adiamento calquera que fose a causa que lles impida acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como o suposto que se describe a continuación.

Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou postparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes nas que concorra dita circunstancia ata seis meses o desenrolo das probas físicas que lles correspondera efectuar, prazo que podería prorrogarse como máximo outros seis meses en caso xustifico. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só ó resto das probas.

As mulleres embarazadas que prevegan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente os primeiros días despois do parto, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse con tempo suficiente e o tribunal determinará, con base á información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un adiamento da proba, ou ben ambas medidas conxuntamente.

## 8.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

O Tribunal cualificador, designado pola Alcaldía, estará composto polos seguintes membros:

- Presidente/a
- Tres vogais
- Secretario/a

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria, ou houbesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do Tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para acceder ó cal se esixa titulación igual ou superior á esixida para participar neste proceso.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas nas distintas probas, limitándose estes a prestar a súa colaboración nas respectivas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

O tribunal non poderá declarar aprobado ou superado o proceso selectivo por un número de aspirantes que resulte superior ao de prazas convocadas.

## 9.- PROCESO SELECTIVO

9.1 O sistema selectivo para a quenda de promoción interna será o de concurso-oposición.

9.1.1 O procedemento de concurso, que non terá carácter eliminatorio, consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos seguintes méritos, ate un máximo de 24 puntos:

### A) Titulacións académicas:

- Título universitario de posgrao, doutor o equivalente: **3,00 puntos**.
- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: **2,00 puntos**
- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias políticas ou equivalente: **1,50 puntos**
- Bacharel, técnico ou equivalente: **0,50 puntos**.

A valoración das titulacións académicas axustarase ás seguintes regras:

1ª. **A puntuación máxima que poderá obterse será a de 4,00 puntos.**

2ª. Non se valorarán as titulacións requiridas para o acceso á categoría de inspector principal, agás que se posúa máis dunha. Tampouco se terán en conta as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa requirida ou valorada.

3ª. Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerios competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza esta e, se é o caso, o BOE no que se publica.

4ª. Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

### B) Antigüidade:

- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados no corpo de policía local: **0,20 puntos**.
- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos e forzas de seguridade: **0,10 puntos**.
- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos das administracións públicas: **0,05 puntos**.

A puntuación máxima que poderá obterse será a de 4,00 puntos.

### C) Formación e docencia.

C.1 Formación profesional continua: os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: **0,025 puntos**.
- Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: **0,020 puntos**.
- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: **0,015 puntos**.
- Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: **0,010 puntos**.

Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas: só asistencia **0,20 puntos**; aproveitamento **0,30 puntos**.
- Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia **0,35 puntos**; aproveitamento **0,50 puntos**.
- Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia **0,45 puntos**; aproveitamento **0,65 puntos**.
- Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia **0,50 puntos**; aproveitamento **0,75 puntos**.
- Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia **0,75 puntos**; aproveitamento **1,00 punto**.

- Máis de 200 horas lectivas: só asistencia **1,00 punto**; aproveitamento **1,30 puntos**.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade; os cursos repetidos, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións do apartado A, nin a superación de materias destes

C.2 **Docencia**: a participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo dos corpos e forzas de seguridade, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: **0,020 puntos**.

- Cada hora en actividades de formación en liña: **0,015 puntos**.

A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvoltas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: **0,015 puntos**.

- Cada hora en actividades de formación en liña: **0,010 puntos**.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos dende a súa impartición.

Os méritos por formación e docencia deberán acreditarse dentro do prazo de inscrición ao proceso selectivo, mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, se é o caso.

**A puntuación máxima a acadar por formación e docencia será de 8,00 puntos.**

#### **D) Distincións e recompensas oficiais.**

- Placa individual ao mérito da policía local: **2,00 puntos**.

- Placa colectiva ao mérito da policía local: **1,5 puntos**.

- Medalla ao mérito da policía local: **1,00 punto**.

- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: **0,75 puntos**.

- Distinción do órgano colexiado competente do concello: **0,25 puntos**.

**Puntuación máxima do apartado D: 2,00 puntos.**

#### **E) Idiomas.**

O coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado de Escola Oficial de Idiomas, valorarase a razón de:

a) Ciclos.

- Certificado de superación do ciclo elemental: **1,00 punto**.

- Certificado de superación do ciclo superior: **2,00 puntos**.

b) Niveis.

- Certificado superación nivel básico: **0,65 puntos**.

- Certificado superación nivel intermedio: **1,30 puntos**.

- Certificado superación nivel avanzado: **2,00 puntos**.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

**Puntuación máxima deste apartado E: 4,00 puntos.**

#### **F) Lingua galega.**

- Celga 1: **0,25**.

- Celga 2: **0,50**.

- Celga 3: **0,75**.

- Celga 4: **1,00**.
- Curso de iniciación: **0,75**.
- Curso de perfeccionamento: **1,00**.
- Curso de linguaxe administrativa nivel medio: **1,50**.
- Curso de linguaxe administrativa nivel superior: **2,00**.

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

#### **Puntuación máxima do apartado F: 2,00 puntos.**

9.1.2 O **procedemento de oposición**, que será posterior ao concurso, consistirá en dúas probas de coñecemento referidas ao temario achegado ás presentes bases específicas.

A **primeira proba** consistirá nun cuestionario tipo test de 120 preguntas, con catro respostas alternativas, a realizar nun tempo máximo de dúas horas. O test cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar 5 puntos para non quedar eliminado; a puntuación do exercicio obterase segundo a seguinte fórmula:

Nota da proba =  $N = (A-F/3)/12$ . [preguntas acertadas - (preguntas falladas ou non contestadas / 3)] / 12.

A **segunda proba** consistirá na resolución dun caso práctico relacionado co temario, que os aspirantes deberán desenvolver nun prazo máximo de unha hora, e que deberán de ler ante o Tribunal.

Entre o final da primeira proba e o inicio da segunda deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas.

**Proba de galego:** A proba estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polos aspirantes, de xeito tanto oral como escrito, e que consistirá na tradución dun texto, castelán-galego ou galego-castelán, proposto polo tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 de xullo 2007, DOG 30 de xullo de 2007, CELGA 4 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba coa cualificación de APTO.

#### **10.- CALIFICACIÓN DO PROCESO SELECTIVO.-**

Na quenda de promoción interna, os méritos serán valorados segundo os criterios da base 9.1.1 ata un máximo de 24 puntos. E na fase de oposición, cada proba será valorada de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar en cada unha delas un mínimo de 5 puntos para superala.

Para ponderar esta puntuación en relación ao 60% da nota final que corresponde a fase de oposición, aplicarase a regra de tres simple, tendo en conta que a nota máxima que se podería alcanzar na oposición, que sería un dez, otorgaríase seis puntos para a nota ponderada ca fase de concurso, de forma que ámbalas dúas puntuacións ponderadas, a do concurso e a da oposición, sumarían dez puntos, correspondendo en esa puntuación unha porcentaxe máxima do 40% o concurso e do 60% a oposición.

#### **11.- PUBLICACIÓN DE APROBADOS E NOMEAMENTO EN PRACTICAS.-**

11.1 Rematado o proceso selectivo, o Tribunal propoñerá ao órgano convocante e fará pública a relación de aprobados, por orden decrecente de puntuación, cuxo número máximo deberá coincidir co de prazas convocadas, propoñéndose o seu nomeamento como funcionarios en prácticas.

11.2.- O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, na que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superaran o proceso selectivo, non resultasen aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

11.3.- No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a tomar posesión, e sempre con anterioridade ao desenrolo do curso correspondente, o órgano convocante ao amparo do disposto no artigo 61.8º da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público, poderá substituílo polo seguinte en orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo o orde de puntuación acadada.

11.4.- Os aspirantes que resultaran aprobados serán nomeados funcionarios en prácticas, cos dereitos e deberes que legalmente lles corresponden, situación na que desenvolverán o curso selectivo de formación na Academia Galega de Seguridade Pública e o período en prácticas. A superación do devandito curso e período de prácticas constituirá requisito indispensable para acceder á condición de funcionario de carreira na nova categoría.

#### **12.- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA.**

Superado o curso selectivo e o período de prácticas, a Academia Galega de Seguridade Pública emitirá informe nestes termos, de xeito que poida procederse ao nomeamento como persoal funcionario de carreira e á toma de posesión no posto concreto.

### 13.- IMPUGNACIÓN

A convocatoria e as súas bases específicas, así como cantos actos administrativos delas se deriven, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### ANEXO. PROGRAMA

Tema 1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Constitución. Concepto e clases. O poder constituínte. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.

Tema 2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguridade. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.

Tema 3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguridade.

Tema 4. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e á liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguridade. Dereito de petición.

Tema 5. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.

Tema 6. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

Tema 7. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.

Tema 8. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. Mención ao Tribunal Superior de Xustiza.

Tema 9. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía para Galicia.

Tema 10. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

Tema 11. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

Tema 12. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

Tema 13. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

Tema 14. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias.

Tema 15. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.

Tema 16. Bens, actividades e servizos públicos na esfera local.

Tema 17. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

Tema 18. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

Tema 19. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario.

Tema 20. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.

Tema 21. Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade. Disposicións xerais. Principios básicos de actuación. Disposicións estatutarias comúns. Réxime disciplinario.

Tema 22. Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade. Funcións da policía local.

Tema 23. Lei de coordinación das policía locais de Galicia. Estrutura e aspectos fundamentais.

Tema 24. A selección, formación, promoción e mobilidade das policía locais de Galicia.



- Tema 25. Réxime disciplinario da policía local. Réxime de incompatibilidades. Segunda actividade. Retribucións.
- Tema 26. A policía local como instituto armado de natureza civil. Lexislación aplicable sobre armamento. O uso de armas de fogo.
- Tema 27. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo, abastos, mercados. Venda ambulante.
- Tema 28. A actividade da policía local como policía administrativa II: espectáculos públicos e actividades recreativas e establecementos públicos.
- Tema 29. A actividade da policía local como policía administrativa III: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
- Tema 30. A Lei de emerxencias en Galicia: aspectos fundamentais.
- Tema 31. Os plans de emerxencia. Coordinación de todas as administracións. Actuación policial.
- Tema 32. Concepto e contido do dereito penal. Principios que o informan. Principio de legalidade. Principio de irretroactividade e as súas excepcións.
- Tema 33. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal.
- Tema 34. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de execución do delito.
- Tema 35. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.
- Tema 36. Delitos contra a Administración pública.
- Tema 37. atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.
- Tema 38. Homicidio e as súas formas.
- Tema 39. Delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica.
- Tema 40. Delitos contra a saúde pública. Tráfico de drogas.
- Tema 41. Delitos relativos á ordenación do territorio e á protección do patrimonio histórico e do medio.
- Tema 42. Delitos contra a seguridade viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.
- Tema 43. Faltas contra as persoas e contra o patrimonio.
- Tema 44. As penas. Concepto, clases: privativas de liberdade, privativas de dereito e multa. Clasificación pola súa gravidade: graves, menos graves e leves.
- Tema 45. A policía local como policía xudicial. Lexislación e funcións.
- Tema 46. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.
- Tema 47. Entrada e rexistro en lugar pechado. Intervención das comunicacións telefónicas. Intervención das comunicacións postais. Uso da información obtida por estes medios.
- Tema 48. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención.
- Tema 49. Contido da asistencia letrada ao detido. Dereito do detido. Responsabilidades penais nas que pode incurrir o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.
- Tema 50. Lei de seguridade viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
- Tema 51. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso. Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento.
- Tema 52. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia.
- Tema 53. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.
- Tema 54. Permisos e licenzas de conducción: as súas clases. Intervención, suspensión e revogación.
- Tema 55. Transporte de mercadorías perigosas por estrada. Normativa legal. Intervención en caso de accidente.
- Tema 56. A inspección técnica de vehículos. Transporte escolar: normativa vixente. O tacógrafo: definición e uso.
- Tema 57. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.

- Tema 58. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local.
- Tema 59. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Doutrina constitucional. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.
- Tema 60. Técnicas de tráfico I: ordenación e regulación do tráfico rodado. Conceptos básicos: densidade, intensidade, capacidade e velocidade. Sinalización das vías.
- Tema 61. Técnicas de tráfico II: características dos sinais de tráfico. Instalación de semáforos. O estacionamento de vehículos. Concepto e problemática. Ordenación do estacionamento. Circulación peonil.
- Tema 62. Toxicomanías. Clasificación das drogas. Lexislación aplicable.
- Tema 63. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.
- Tema 64. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos. A policía como servizo á cidadanía. Colaboración con outros servizos municipais.
- Tema 65. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitudes, valores, prexuízos e estereotipos. Formación de actitudes e relación coa conduta. Actitude policial ante a sociedade intercultural.
- Tema 66. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.
- Tema 67. Situacións de crise ou desastres. Efectos e reaccións ante estas situacións.
- Tema 68. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e subordinados. Equipos de traballo e atención á cidadanía.
- Tema 69. O mando: concepto, estilos, calidades, trazos e regras; características do mando: funcións, estilos, metodoloxía; relación con subordinados; técnicas de dirección de reunións.
- Tema 70. Toma de decisións: proceso, deberes cara á organización e relación cos subordinados; poder e autoridade.
- Tema 71. Técnicas de dirección de persoal: concepto, funcións e responsabilidade. Planificación. Organización, distribución, execución e control do traballo policial. Reunións de grupo. Formación, reciclaxe e perfeccionamento profesional dos membros do equipo.
- Tema 72. Calidade nos corpos de policía local.
- Tema 73. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.
- Tema 74. Responsabilidade no exercicio profesional. Principio de xerarquía e subordinación. Relacións interpersoais. Integridade e imparcialidade. Consideración ética da dirección de persoal.
- Tema 75. Deontoloxía policial. Código de conduta para funcionarios encargados de facer cumprir a lei. Declaración do Consello de Europa sobre a policía. Principios básicos de actuación oficial desde a perspectiva deontolóxica.

**O contido do temario axustarase á lexislación vixente, sen que poida esixirse a demostración de coñecementos dalgún dos contidos do mesmo que, a data de realización do exame, foran derogados."**

**Segundo.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 3020

**MEIRA***Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 7 de outubro de 2019, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o 4º. **bimestre do exercicio 2019**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 7 de outubro ao 7 de decembro de 2019.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interponerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 7 de outubro de 2019.- O alcalde accidental, Agustín Méndez Moirón.

R. 3021

**MONTERROSO***Anuncio*

Por decreto de Alcaldía de día 28 de agosto de 2019 aprobáronse as bases para a selección de profesores/as para a impartición de actividades docentes musicais na Escola de Música do Concello de Monterroso como persoal laboral temporal nas seguintes especialidades:

-Percusión

-Acordeón

-Vento-metal e dirección de grupos musicais.

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de seis días naturais a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na páxina web [www.monterroso.es](http://www.monterroso.es)

Monterroso, 4 de outubro de 2019.- O Alcalde, Antonio E. Gato Soengas.

R. 3005

*Anuncio***Información pública**

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 26 de setembro de 2019, a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros e de depuración do concello de Monterroso para 2020, exponse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Monterroso, 3 de outubro de 2019.- O Alcalde, Antonio E. Gato Soengas.

R. 3006

## PANTÓN

### *Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2019, prestouse aprobación inicial o seguintes Padrón, correspondente ó 4º bimestre do ano 2019 da taxa de auga-lixo-alcantarillado exercicio 2019:

- Padrón da taxa por abastecemento de auga e I.V.E. Sobre o seu consumo.
- Padrón da taxa por recollida do lixo.
- Padrón da taxa de alcantarillado.

-Por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago das taxas antes indicadas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra os mesmos

### **ANUNCIO DE COBRANZA**

-De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado polo Real Decreto 1684/1990, de 20 de decembro, na súa modificación dada polo Real Decreto 448/1995, de 24 de marzo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario para os Padróns citados, o comprendido entre os días 15 de outubro de 2019 e o 14 de decembro de 2019, ambos inclusive.

-Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, para ditos Padróns o día 15 de novembro, data na que deberán ter saldo suficiente.

-O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

-Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina o devengo do recargo de apremio, xuros de demora e custos que se produzan, de acordo co establecido no artigo 127 da Lei Tributaria, redactado conforme á Lei 25/1995, de 20 de xullo, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación.

-A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 124 da Lei Xeral Tributaria.

Pantón, 3 de outubro de 2019.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3012

### *Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2019, prestouse aprobación inicial os seguintes Padróns, correspondentes ó 3º bimestre do ano 2019 da taxa de auga-lixo-alcantarillado e 1º semestre de lixo rural exercicio 2019:

- Padrón da taxa por abastecemento de auga e I.V.E. Sobre o seu consumo.
- Padrón da taxa por recollida do lixo.
- Padrón da taxa de alcantarillado.
- Padrón da taxa de lixo rural.

Por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago das taxas antes indicadas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra os mesmos

### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado polo Real Decreto 1684/1990, de 20 de decembro, na súa modificación dada polo Real Decreto 448/1995, de 24 de marzo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario para os Padróns citados, o comprendido entre os días 14 de agosto de 2019 e o 14 de outubro de 2019, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes serán cargados nas contas bancarias respectivas, para ditos Padróns o día 15 de setembro, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina o devengo do recargo de apremio, xuros de demora e custos que se produzan, de acordo co establecido no artigo 127 da Lei Tributaria, redactado conforme á Lei 25/1995, de 20 de xullo, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 124 da Lei Xeral Tributaria.

Pantón, 3 de outubro de 2019.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3013

## A POBRA DO BROLLÓN

### *Anuncio*

cumprido o trámite de exposición pública da ordenanza que se indica a continuación sen que se presentase reclamación algunha considéranse definitivamente aprobada co texto que figura a continuación:

#### **2.05ª.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida e tratamento de lixo.**

##### **Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, este Concello establece a Taxa por recollida de lixo que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

##### **Artigo 2º.- Feito imponible.**

1. Constitúe o feito imponible da taxa a presentación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos a tódolos inmobles, calquera que sexa o seu estado, calidade, uso ou destino, que se encontren situados na zona de cobertura da mesma, con independencia de se depositan ou non residuos para a súa recollida, e con independencia de que estean ou non ocupados ou utilizados.

Non estarán suxeitos os propietarios de vivendas ou locais en estado ruinoso, previa tramitación do correspondente expediente ou acreditación mediante informe emitido polo técnico legalmente facultado.

Non estarán suxeitos á taxa os inmobles que teñan a condición de solar ou terreo.

Nos lugares, aldeas ou barrios con rúas interiores que non permitan a circulación rodada, e polo tanto, non poida pasar o vehículo de recollida de residuos, os veciños ou propietarios de fincas, trasladarán cos seus propios medios o s residuos sólidos ó contedor máis próximo, de acordo co estipulado na presente ordenanza.

2. A tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, rebos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou nos que a súa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3. Non está suxeita á taxa a presentación de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixos e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escouras e cinza de calefaccións centrais.
- c) Recollida de rebos de obras.

##### **Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuário, habitacionistas, arrendatario ou, incluso, de precario.

2. Terán a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais que poidan repercutir, se é o caso, nas cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles beneficiarios do servizo.

#### Artigo 4º.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

#### Artigo 5º.- Exencións.

1.- Establécese unha bonificación do 90% nas tarifas desta taxa para os edificios que sen estar en ruína teñan a condición de non habitables ou utilizables.

2.-Ao abeiro no establecido no art. 24.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, gozaran de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA) e acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado.

Para ter dereito a obtención desta exención, o interesado deberá cumprir os seguintes requisitos.

- Que o suxeito pasivo sexa titular do contrato de servizo.

- Que o suxeito pasivo estea empadroadado e resida na vivenda para a que solicita o beneficio.

#### Artigo 6º.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2. A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

CONCEPTOS	TAXA ANUAL
<b>Epígrafe 1º.- Vivendas.</b>	
Por cada vivenda. (Enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamentos que non excedan de dez prazas).	29,76€
<b>Epígrafe 2º.- Aloxamentos</b>	
Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos, hostais e demais establecementos de similar natureza (enténdese por aloxamento, aqueles locais de convivencia colectiva non familiar, entre os que se inclúen hoteis-pensións, residencias, centros hospitalarios, colexios e demais centros de natureza análoga sempre que excedan de dez prazas).	35,41€
<b>Epígrafe 3º.- Establecementos de alimentación.</b>	
Por cada local ou establecemento	35,41€
<b>Epígrafe 4º.- Establecementos de restauración</b>	
a) Restaurantes	35,41€
b) Cafeterías	35,41€
c) Whisquerías e pubs	35,41€
d) Bares	35,41€
e) Tabernas	35,41€
<b>Epígrafe 5º.- Establecementos de espectáculos.</b>	
a) Cines e Teatros	35,41€
b) Salas de festas e discotecas	35,41€
c) Salas de bingo	35,41€
<b>Epígrafe 6º.- Outros Locais industriais ou mercantís</b>	
a) Centros oficiais	35,41€
b) Oficinas bancarias	35,41€
c) Grandes almacéns	35,41€
d) Demais locais non expresamente tarifados	35,41€
<b>Epígrafe 7º.- Despachos profesionais</b>	
Por cada despacho. (No suposto de que a oficina ou establecemento estea radicado na mesma vivenda, aplicarase unicamente a tarifa precedente quedando englobada nela a do Epígrafe 1º)	35,41€

3. As cotas sinaladas na tarifa teñen carácter irredutible e corresponden ó período dun ano.

4. A cada unha das cotas sinaladas no paragrafo 2 se lle engadirá en concepto de ecotaxa por tratamento de residuos a cantidade mensual de un euro (1,18€).

5. No exercicio 2011 e sucesivos as tarifas do punto 2 deste artigo e a contía do punto 4 do mesmo se incrementará para cada ano no importe de incremento do I.P.C. correspondente ao período entre o un de xaneiro de o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

#### **Artigo 7º.- Devengo.**

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal da recollida de lixo domiciliaria, en rúas e lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes a taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada semestre natural, salvo que o devengo da taxa se producira con posterioridade á devandita data, en tal caso a primeira cota devengarase o primeiro día do mes seguinte.

#### **Artigo 8º.- Declaración e ingreso.**

1. Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na matrícula, presentando, ó efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro semestre natural que corresponda.

2. Cando se coñeza, sexa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data en que se efectuara a declaración.

3. O cobro das cotas efectuarase cada seis meses mediante recibo derivado da matrícula.

4. A bonificación establecida no artigo 5º.1 deberá ser solicitada polo interesado quen aportará unha declaración responsable de que a vivenda ou local non dispón de subministro de enerxía eléctrica nin de autoxeración nin de empresa provedora, nin auga potable, sexa esta servida polo concello, empresa privada, de carácter veciñal ou de autoabastecemento (pozos e similares). De rematar a situación de inhabitable, deberá comunicarllo ao concello da Pobra do Brollón

#### **Artigo 9º.- Infraccións e sancións.**

1. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 179, 180, 181, 182, 183, 184, 185, 186 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Se realizada unha inspección se comproba a falsidade da declaración responsable feita ao abeiro do artigo 8º.4 ou se comproba que existe abastecemento de auga potable ou electricidade, procederá a facturación íntegra do período no que se beneficiou da bonificación cun máximo de catro anos de acordo coas tarifas íntegras vixentes, e se sancionará ao interesado cun recargo do 50% do importe da liquidación.

#### **Disposición transitoria única:**

Durante o exercicio 2019, a ecotaxa por tratamento de residuos establecida polo artigo 6.4 se reducirá nun 10% do seu importe.

#### **Disposición final:**

A presente Ordenanza Fiscal, foi modificada e aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día un de abril de dous mil dezanove e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P., permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Pobra do Brollón, 04 de outubro de 2019.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 3022

RIBADEO

*Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA**

#### **MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL T24 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU RESERVA DE ESPAZOS PÚBLICOS E INMOBLES DE USO PÚBLICO NO CONCELLO DE RIBADEO**

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo do día 31/07/2018 de modificación da ORDENANZA FISCAL T24 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU RESERVA DE ESPAZOS PÚBLICOS E INMOBLES DE USO PÚBLICO NO CONCELLO DE RIBADEO

O texto íntegro da devandita modificación faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**“ORDENANZA T24 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU RESERVA DE ESPAZOS PÚBLICOS E INMOBLES DE USO PÚBLICO NO CONCELLO DE RIBADEO.**

**Artigo 1. Fundamento e obxecto**

1. *De conformidade co previsto nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, 106 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local e 20.1.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei de Facendas Locais, o Concello de Ribadeo establece a taxa pola utilización ou reserva de espazos públicos e inmobles de uso público no Concello.*
2. *Será obxecto desta exacción a utilización ou reserva de canto espazo exista no termo municipal que sexa de titularidade pública ou afecto ao uso xeral e todos aqueles inmobles de utilización pública, destinados ao uso xeral da cidadanía e afectos ao servizo público, agás os de carácter deportivo (pavillóns), que se regularán polo previsto na Ordenanza Fiscal T13, excepto isto último cando concorran as condicións que se dispoñen no Artigo 7 desta ordenanza, relativo a Ribadeo Eventos en que se rexerán pola Ordenanza Fiscal T.24.*

**Artigo 2. Feito imponible.**

*Constitúe feito imponible da taxa a utilización ou aproveitamento de espazos públicos e inmobles de uso público local.*

**Artigo 3. Obrigados ó pago**

*Están obrigados ao pago da presente taxa as persoas e entidades que soliciten a utilización das instalacións, espazos ou inmobles e quen as utilicen de forma privativa ou con aproveitamento especial, aínda sen teren obtido a preceptiva autorización.*

*A responsabilidade tributaria será asumida nos termos establecidos no artigo 41 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.*

*Serán responsables solidarios ou subsidiarios, as persoas ou entidades a que se refiren respectivamente, os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria, sen prexuízo de que as leis establezan outros supostos de responsabilidade solidaria e subsidiaria distintos aos previstos e nos preceptos citados.*

*O procedemento para declarar e esixir a responsabilidade solidaria ou subsidiaria será o previsto, respectivamente, nos artigos 175 e 176 da Lei Xeral Tributaria*

**Artigo 4. Supostos de non suxeición**

*Non estará suxeita ao pagamento da taxa que regula a presente ordenanza a utilización puntual de espazos ou inmobles públicos realizada directamente por entidades sen ánimo de lucro, para os aproveitamentos cuxo fin inmediato sexa o desenvolvemento de actividades de interese xeral que constitúan o seu obxecto social ou finalidade, e non leve aparellada unha utilidade económica para esta ou, aínda existindo dita utilidade, a utilización ou aproveitamento supoña condicións ou contraprestacións que anulen ou fagan irrelevante aquela.*

*A este efecto considéranse entidades sen ánimo de lucro:*

- *As entidades sen fins lucrativos ás que se refire o artigo 2 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e*
- *o resto de asociacións e/ou entidades que, sen estar necesariamente incluídas nos supostos a que se refire o punto anterior, con todo, teñen o recoñecemento de entidades de utilidade pública municipal, por ter, tanto o seu obxecto social, como as súas actividades, carácter complementario con respecto ás competencias municipais.*

*Para a consideración deste suposto de non suxeición, as entidades sen ánimo de lucro deben reunir estes requisitos:*

- 1) *Deben estar inscritas no rexistro público correspondente.*
- 2) *Deben perseguir finalidades de interese xeral, como, entre outras, a defensa dos dereitos humanos, a asistencia social e a inclusión social, as cívicas, educativas, culturais científicas, deportivas, sanitarias ou de tipo comunitario ou veciñal, o lecer, a defensa do medio ambiente e a protección dos animais.*
- 3) *As persoas fundadoras, patroas, asociadas, representantes ou membros dos órganos de goberno, e tamén os seus cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia efectiva ou parentes ata o cuarto grao, non deben ser os destinatarios principais das actividades.*
- 4) *Os cargos da entidade deben ser gratuítos.*
- 5) *En caso de disolución, o seu patrimonio debe destinarse a unha entidade ou finalidade de igual natureza.*



- 6) *Deben adicar á realización das finalidades de interese xeral polo menos o 70 % dos seus ingresos.*
- 7) *A actividade realizada non debe consistir no desenvolvemento de explotacións económicas alleas á súa finalidade estatutaria. A este efecto, enténdese por explotación económica allea calquera explotación non prevista no artigo 7 da Lei 49/2002.*
- 8) *Deben estar ao corrente das obrigacións contables.*

*O requisito 1 acredítase mediante a achega da inscrición. Os requisitos 2, 3, 4 e 5 acredítanse coa achega dos estatutos ou as regras fundacionais. Os requisitos 6, 7 e 8 acredítanse mediante unha declaración responsable da persoa legal representante da entidade.*

*As actividades para as que se solicite autorización deberán reunir as seguintes condicións para entenderse non suxeitas á taxa regulada na presente ordenanza:*

*1) Deberán ser de carácter cívico, educativo, científico, cultural, deportivo, sanitario, de promoción dos dereitos humanos, de asistencia social, de cooperación ao desenvolvemento, de defensa de consumidores e usuarios, defensa do medio ambiente, os que promovan a sustentabilidade, os de fomento da economía social ou da investigación, de promoción do voluntariado social, de atención ás persoas con risco de exclusión, de apoio mutuo, e calquera outros de natureza similar.*

*2) Deberán ser de interese público municipal e social para a cidadanía en xeral, non estando restrinxida exclusivamente a beneficiar aos seus asociados, senón aberta a calquera outro posible beneficiario.*

*Para acreditar o dereito á non suxeición á taxa, no momento de solicitar a autorización para a ocupación dos espazos ou inmobles públicos, deberá axuntarse a documentación que permita comprobar o cumprimento das condicións recollidas no presente artigo, tanto no que se refire ás características da entidade, como a actividade a desenvolver e á non existencia de utilidade económica.*

*Unha vez examinada esta, e tras a emisión dos informes que procedan polos servizos económicos, no caso de ser favorable, o acordo no que se conceda a autorización incluírá a determinación de non suxeición á taxa regulada na presente ordenanza. No caso contrario, practicarase polo departamento que corresponda tramitar a autorización a liquidación tributaria que proceda.*

#### **Artigo 5. Cota tributaria**

*Tarifa pola reserva ou utilización de inmobles ou espazos públicos: 252,71 euros/día.*

*Cando a solicitude de ocupación das instalacións ou espazos titularidade municipal non exceda de 5 horas, poderase modular a cota tributaria en función ao número de horas efectivamente utilizadas, de xeito proporcional. Superado ese límite de tempo, a cota fixa diaria será de 252,71 euros/día.*

*Tamén no caso de que se solicite unicamente o uso parcial dunha instalación, no caso de que sexa posible determinar a superficie que supón esta sobre o total, poderase modular proporcionalmente a cota tributaria. De non poder determinarse, a cota fixa diaria será de 252,71 euros/día.*

*No suposto de que a reserva ou utilización leve aparelada actividade consistente na disposición de alimentación (ceas, comidas...) ou a actividade a desenvolver xere residuos pola súa natureza, incrementarase a tarifa nun 50%.*

*Para o caso de que o solicitante autorizado para a utilización das instalacións o fose tamén para o cobro do acceso de espectadores as tarifas anteriores incrementarase cun 10 por 100 da recadación bruta final.*

*Para que pola Tesourería municipal poda efectuarse un debido control dos ingresos declarados polo cobro de acceso aos espectadores, en defecto de programas informáticos específicos, presentarase unha vez finalizada a actuación, o cargo de valores, con indicación do concepto e importe por entrada.*

#### **Artigo 6. Normas complementarias**

*Cada usuario será responsable directo dos danos e prexuízos ocasionados a terceiros nos espazos autorizados causados polos asistentes á actividade, ben por acción ou por omisión, dolo ou negligencia, tendo a condición de terceiro o propio Concello. Esta previsión non se aplicará no caso de que os danos sobreveñan ao local polo só efecto do uso e sen culpa da entidade beneficiaria ou por forza maior.*

*O Concello poderá solicitar, cando o departamento competente o estime oportuno, previamente á concesión da autorización, a constitución de fianza en calquera das formas legalmente admitidas, que responderá do cumprimento das obrigas do bo uso e conservación das instalacións municipais e espazos públicos, así como dos danos e prexuízos que os usuarios deban afrontar como consecuencia do previsto no punto primeiro. Tamén responderá do pago das sancións que poidan impoñerse en virtude da aplicación da presente Ordenanza Fiscal.*

*Así mesmo, o Concello poderá condicionar a correspondente autorización a que, con anterioridade ao comezo da actuación, acredítese a contratación dunha póliza de responsabilidade civil do valor que se indique, quedando o efectivo uso vinculado a iso.*

*Unha vez finalizada a autorización, e comprobada polo Departamento correspondente a inexistencia de danos e prexuízos sobre as persoas ou cousas como consecuencia da utilización autorizada, procederá á devolución da fianza en caso de haberse exixido e constituído.*

*Os gastos de persoal discontinuo como cobradores, porteiros, electricistas, acomodadores, vixilantes, persoal de carga e descarga, montaxe e desmontaxe de escenario e calquera outros que se requiran en función da natureza do acto, correrán por conta dos organizadores, sendo da súa exclusiva responsabilidade o cumprimento das obrigas laborais, fiscais ou de outra índole que se deriven de tal relación laboral.*

#### **Artigo 7. Obriga de pagamento**

- 1. A obriga de pago xurde coa utilización ou reserva dos espazos e inmobles a que se refire esta Ordenanza*
- 2. O pago da taxa deberá efectuarse no momento de formular a oportuna solicitude, a cal non se autorizará sen que previamente se efectúe o pago que, no seu caso, resultase esixible*
- 3. Non están obrigadas ao pagamento de cantidade algunha as actividades deportivas ou actos de calquera índole, organizadas polo propio Concello de Ribadeo, ben directamente ou ben a través doutras entidades ás que se conceda o patrocinio municipal, e aqueles actos ou actividades que sexan organizados ou promovidos a través do programa de Ribadeo Eventos do Concello de Ribadeo.*
- 4. A Alcaldía poderá acordar o Patrocinio Municipal cando en atención ao carácter social, cultural, benéfico ou formativo dos actos se estime procedente fomentar a súa realización. O acordo que se adopte deberá ser motivado.*
- 5. As persoas ou entidades interesadas no Patrocinio Municipal a que se refire o número anterior instarano do Concello acreditando suficientemente as circunstancias que xustifican a súa pretensión e cunha antelación mínima de quince días sobre a celebración do acto. En ningún caso serán acollidas peticións de Patrocinio Municipal cando a actuación a desenvolver revista ánimo de lucro polo seu obxecto ou natureza ou expectativas de carácter económico para o suxeito organizador.*
- 6. As persoas , organizacións e/ou entidades que desexen participar de Ribadeo Eventos realizarán obrigatoriamente a solicitude a través da plataforma electrónica [www.eventos.ribadeo.org](http://www.eventos.ribadeo.org). ou petición ao servizo con competencias na materia.*

#### **Artigo 8. Normas de xestión**

- 1. A xestión e recadación desta taxa corresponderá ao Concello de Ribadeo.*
- 2. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. Os suxeitos pasivos virán obrigados a practicar a autoliquidación no modelo que oficialmente se estableza e ingresar o seu importe a través da Entidade colaboradora que pola Tesourería Municipal determine.*
- 3. Tódalas solicitudes deberán especificar o espazo ou inmovble solicitado, as actividades a realizar, calendario e horario necesario, así como o número potencial de asistentes.*
- 4. A resolución da Alcaldía sobre a procedencia ou improcedencia de conceder as autorizacións para a utilización dos espazos, será notificada aos interesados e aos servizos encargados da súa execución.*

#### **Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da ordenanza.**

*A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo e comezará a súa aplicación na mesma data”*

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ribadeo, 4 de outubro de 2019. ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3007

#### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 25/2019. SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 24/09/2019, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 25/2019 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, para amortización de débeda, pola cantidade de 392.000,00 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 4 de outubro de 2019. ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3008

---

## RIBAS DE SIL

### *Anuncio*

Aprobados por Decreto da Alcaldía de data 4 de outubro de 2019 o padrón do 2º Trimestre de 2019 do servizo de abastecemento de auga, canon, sumidoiros e recollida de lixo e por decreto de data 23 de setembro de 2019 o padrón da taxa polo Servizo de axuda no fogar do mes de agosto de 2019, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei. No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa exixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 4 de outubro de 2019.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 3023

---

## RIBEIRA DE PIQUÍN

### *Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 12 de agosto de 2019, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de xullo de 2019, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 13 de agosto de 2019.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3024

## VIVEIRO

*Anuncio*

Aprobación dos padróns fiscais de Auga e canon de Saneamento, rede de sumidoiros e Taxa de Recollida de Lixo (3º trimestre do exercicio 2019) e anuncios de cobranza.

Con data de 3 de outubro de 2019 por resolución da Alcaldía procédese á aprobación dos seguintes padróns fiscais :

<u>Tributo</u>	<u>Exercicio</u>	<u>Importe</u>
Auga potable	3º Trimestre de 2019	190.508,33 €
Conservación de contadores	3º Trimestre de 2019	5.700,39 €
Rede de sumidoiros	3º Trimestre de 2019	37.542,97 €
Depuración de augas residuais	3º Trimestre de 2019	110.060,73 €
Recollida de lixos	3º Trimestre de 2019	305.501,12 €
Canon auga (Xunta)	3º Trimestre de 2019	107.777,29 €

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Alcaldesa. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

**Anuncios de cobranza :**

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **4 de outubro de 2019 ao 4 de decembro de 2019**, ambos inclusive.
- Os contribuíntes poderan aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar coa oficina de ViAQUA de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas de: ABANCA, BBVA, SANTANDER, LA CAIXA ou CORREOS.
- Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caxias de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e abvírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciarase o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 3 de outubro de 2019.- Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3025